



*Consello de Galiza*

Bós Aires, xunio 30 de 1965.-

Siñor  
F. Xavier Alvajar,  
París

Da nosa meirande estimanza:

Respostamos á súa atenta do 25 de maio ppdo., que vostede nos escribira por encárrago do seu hoxe finado pai, sempre de sentida lembranza para nós.

Lle agradecemos canto ó respeito da Coral Follas Novas nos informa, e nos facemos conta dos incomedentes.

En canto á cuestión principal que vostede nos pranteia respecto da xa numarosa coleitividade galega en Francia, e sobor da comenencia de crear ahí unha oficiña do Consello ou de Irmandade, compartimos as atañadas consideracións e recoñecemos que é unha boa idea. O felicitamos, polo tanto, estimando que é indiscutibel a realidade de canto vostede nos dí; máis temos que confesar con door que non será posibel, polo dagora, levala á práctica; é decir, tan axiña como todos quixéramos, sin que isto siñifique desbotar o proieito para o porvir.

En troques, e tendo en conta o estreito contaito que eisiste entre o Consello de Galiza e Irmandade Galega, a súa atenta misiva lles foi pasada a istes irmáns, a quenes, como a nós, lles parecéu bén a idea de vostede e pensan que algunha cousa se pode intentar de contado, anque non sexa a reaización ideal. Por agora, vostede vai a recibir, remesada por Irmandade Galega, unha lista con nomes e direicións de irmáns que residen en París, a os coales vostede poderá visitar e falar con iles con miras a chegar a algo práctico. En fin, vostede xa verá de facer o que se poida e como se poida. De parte de nós ten vostede como Delegado do Consello, a maior confianza e moral apoio en canto sexa posibel. Lle pregamos nos teña ó tanto de toda nova ó respeito diste importante pran.

(sigue)



Consello de Galiza

//// En canto á publicación "Mañana", lle agradecemos nos anote como suscriptores, pois isa tribuna democrática está moi ben feita, nos intresa e desexamos a seguir recibindo.

Sin outra cousa que lle decir por hoxe, reciba o testemuño do noso afeito e un garimoso saúdo distes irmáns de Bós Aires.

Polo Consello de Galiza:



.....  
Antón Alonso Pérez  
Segretario de Goberno  
e Coordinación Xeral

-----oOo-----

P.D. Niste mesmo intre recibo a súa, datada o día 24 do corrente; atopoa verdadeiramente interesante nos detalles da xuntanza presidida polo profesor Llopis, tanto polo alí falado e debatido, pola calidade das persoas que nela tomaron parte, e as resolucións adoutadas que quizábes moito poidan siñificar pra vida da nosa patria, como polas atañadas ouservacións de vostede. Prégolle asista -como xa o anticipa- as xuntanzas que se reaizarán os días 10 e 11 do mes próisimo, para nos ter ó tanto do que se trate e resolva.

O Consello será informado de todo isto na próisima xuntanza que terá lugar o día 6 de xulio.

Con agradecemento polas súas aitividades,

Antón